

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

RESOLUCIÓN do 13 de novembro de 2019, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se declaran, con carácter definitivo, as persoas aspirantes admitidas e excluídas, así como as exentas e non exentas do exercicio de lingua galega, e se nomea o tribunal cualificador no concurso-oposición para o ingreso na categoría de persoal de servizos xerais polos sistemas de acceso libre, promoción interna e discapacidade xeral, convocado mediante a Resolución do 1 de marzo de 2019.

Mediante a Resolución do 1 de marzo de 2019 desta dirección xeral (*Diario Oficial de Galicia* núm. 47, do 7 de marzo), convocouse concurso-oposición para o ingreso na categoría de persoal de servizos xerais, polos sistemas de acceso libre, promoción interna e discapacidade xeral.

Mediante a Resolución do 16 de setembro de 2019 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 183, do 26 de setembro) publicouse a relación provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, así como dos/das exentos/as e non exentos/as da realización do exercicio de lingua galega.

Na base sétima da resolución de convocatoria dispónse que o tribunal cualificador do concurso-oposición será nomeado pola autoridade convocante cunha antelación mínima dun mes ao da data de realización das probas e que se publicará para este efecto a oportuna resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

De conformidade coa dita base e finalizado o prazo de emenda previsto no número 6.2 desta mesma resolución, este centro directivo, como órgano convocante do proceso,

RESOLVE:

Primeiro. Declarar, con carácter definitivo, os/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as, así como os/as exentos/as e non exentos/as da realización do exercicio de lingua galega no concurso-oposición para o ingreso na categoría de persoal de servizos xerais, polos sistemas de acceso libre, promoción interna e discapacidade xeral, convocado mediante a Resolución do 1 de marzo de 2019.



A lista coa relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e as declaradas exentas e non exentas da realización do exercicio de lingua galega, poderanse examinar na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Ademais, o estado de cada solicitude pode ser consultado polo/a solicitante no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/sección de procesos.

Segundo. Nomear os membros do tribunal, titulares e suplentes que xulgarán o proceso selectivo e que se relacionan no anexo desta resolución.

Terceiro. Declarar de aplicación a este proceso as normas de funcionamento e actuación dos tribunais e persoal colaborador negociadas e aprobadas na Mesa Sectorial de Sanidade do 20 de xullo de 2018, publicadas á disposición das persoas interesadas na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Cuarto. Contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto nos artigos 8.2 e 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Potestativamente, e con carácter previo, poderán interpoñer recurso de reposición, ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado desde a mesma data.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2019

Margarita Prado Vaamonde
Directora xeral de Recursos Humanos

ANEXO

Persoal de servizos xerais (vías de acceso libre-promoción interna e discapacidade xeral)			
Presidente/a titular	Pereiro Iglesias, Juan Luis	Persoal estatutario de xestión e servizos	Persoal de servizos xerais
Secretario/a titular	Rodríguez Cabo, Esperanza	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo técnico da función administrativa
Vogal titular	Blanco López, M ^a Isabel	Persoal estatutario de xestión e servizos	Persoal de servizos xerais
Vogal titular	Martínez Castro, Francisco José	Persoal funcionario subgrupo C1, escala de sistemas e tecnoloxías da información	



Vogal titular	Arias Núñez, Sonia	Persoal estatutario de xestión e servizos	Persoal de servizos xerais
Presidente/a suplente	Cansino Docampo, Carlos	Persoal estatutario de xestión e servizos	Persoal de servizos xerais
Secretario/a suplente	García Souto, Jorge	Persoal estatutario de xestión e servizos	Grupo técnico da función administrativa
Vogal suplente	Cacheda Vilar, David	Persoal estatutario de xestión e servizos	Técnico/a especialista en sistemas e tecnoloxías da información
Vogal suplente	Couto Ruibal, Javier	Persoal estatutario de xestión e servizos	Persoal de servizos xerais
Vogal suplente	Sea Longarela, Carmen	Persoal estatutario de xestión e servizos	Persoal de servizos xerais

